



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 27 de maio de 2022.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun oficial de 1ª carpinteiro, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de doce (12) meses, así como dun péon especialista forestal, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa “Fomento do Emprego 2022 da Excm. Deputación Provincial de Lugo”.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

De conformidade co expediente de provisión dun oficial de 1ª carpinteiro, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de doce (12) meses, así como dun péon especialista forestal, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses, a través do programa “Fomento do Emprego 2022 da Excm. Deputación Provincial de Lugo”, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 13 de maio de 2022.

Visto que con data 19 de maio de 2022 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 113, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 2022-0135, de data 25 de maio, se aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, concedendo un prazo de un (1) día hábil para formular reclamacións ou enmendar os defectos que motivasen a súa exclusión.

Visto que o devandito prazo rematou o día 26 de maio de 2022, subsanándose en prazo a solicitude de D. Jesús Martínez Expósito, con DNI núm. 33.320.358-M.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

**LISTA DE ADMITIDOS:**

**OFICIAL DE 1ª CARPINTEIRO**

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
López García, Roberto	33.550.410-B	Sí

**PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL**





## Concello de Ribeira de Piquín

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
García Couso, Óscar	33.347.624-Q	Non
Pérez Carreira, Miguel	33.544.135-S	Si
Tella Neira, Luis	33.531.003-R	Sí
Martínez Expósito, Jesús	33.320.358-M	Non

### LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor en propiedade da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio (Lugo).

Vogais:

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Mónica Lamas Beceiro, Técnico en Orientación Laboral do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: A Secretaria-interventora accidental do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), Dna. Pilar Tella Mazoy, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o luns 30 de maio de 2022, ás 08:30 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

**TERCEIRO.-** Convocar ao aspirante admitido para o posto de “Oficial de 1ª carpinteiro” para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 09:00 horas do día 30 de maio de 2022. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

**CUARTO.-** Convocar aos aspirantes que se presentan ao posto de “Peón especialista forestal” que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 13:00 horas do día 30 de maio de 2022.

**QUINTO.-** Convocar aos aspirantes admitidos para o posto de “Peón especialista forestal” para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 13:30 horas do día 30 de maio de 2022. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

**SEXTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se





## Concello de Ribeira de Piquín

---

celebre.

Mándaos e asínaos o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 27 de maio de 2022.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

